



UNIDADE 9

O turista accidental

Pregúntelles aos seus alumnos que lles suxire a foto da páxina 73. Probablemente sinalarán actividades como **viaxar, pasear, gozar da natureza e da tranquilidade, facer fotos, camiñar...** e talvez xurdan tamén palabras relacionadas coas afeccións ou cos deportes.

Interésese pola última viaxe que fixeron e anime algún deles a que conte algo curioso, divertido, estraño etc. que lle pasou. Isto vaille servir para introducir os contidos e o obxectivo da unidade: contar anécdotas reais ou inventadas. Coméntelles tamén, a continuación, os contidos da unidade.

Se lle parece oportuno, faga referencia ao filme no que se inspira o título da unidade (*The accidental tourist*, no orixinal en inglés, unha película intimista, rodada en Estados Unidos en 1988). Pregúntelles logo que cren que significa a expresión “turista accidental”.

O turista accidental



comprender

1. VACACIÓNS

Completar un cuestionario sobre os hábitos de viaxe e describir un compañeiro baseándose nas súas respostas. Ler varias ofertas de viaxes e escoller unha.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se traballa con estudantes estranxeiros, sería ideal que contasen con dicionarios monolingües na clase para desenvolveren esta actividade.

ANTES DE COMEZAR

Propóñalles aos estudantes que atopen a persoa máis viaxeira do grupo, a que estivo en máis lugares do mundo. Pídalles que formen grupos de tres ou catro persoas e que comenten que lugares visitaron. Cada grupo presentará o seu 'gañador' e, ao final, decidírase quen é o máis viaxeiro de toda a clase.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles que deben contestar un cuestionario cos seus hábitos como viaxeiros. Aclare que poden escoller máis dunha opción en cada caso e, de ser necesario, déixelles tempo abondo para que busquen nun dicionario as palabras que non entendan.

Ao remataren, pídalles que comenten as súas respostas en parellas. Logo, remítaos á mostra de lingua proporcionada e suxíralles que tomen nota dos hábitos do seu compañeiro.

B. Agora dígalles que deberán describir o compañeiro, a partir do que respondeu no ítem A. Déalles uns minutos para que preparen a descrición e, logo, pídalles que tenten explicarlles aos demais estudantes como é.

Se algún dos adxectivos non aparece en ningunha descrición, pregúntelles se saben o que é e asegúrese de que ao final se coñeza o significado de todos.

C. Preséntelles brevemente as ofertas de viaxe e dígalles que, logo de lelas minuciosamente, cada un deberá escoller a que máis lle guste. Durante a lectura, estaa dispoñible para aclarar calquera dúbida de vocabulario que poidan ter e, a continuación, pregúntelles na clase cal foi a opción que escolleron e por que.

E DESPOIS

Se lle parece conveniente, pídalles que se organicen en grupos e que preparen un pequeno texto (como os do ítem C) referido a unha cidade, a unha rexión ou a un país que coñezan ben. Se o prefire, pode pedirles que, individualmente, escriban sobre a localidade na que viven. Logo, recolla os textos e devólvallelos corrixis na clase seguinte.

2. BOA VIAXE?

Ler e relatar experiencias relacionadas con viaxes.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Antes de comezar esta actividade, recomendámoslle que faga na clase os exercicios 1 (páxina 108) e 4 (páxina 109) da sección "Máis exercicios". No segundo, os alumnos terán que escoller entre os dous tempos do pasado que viron nas anteriores clases: o pretérito e o copretérito. O exercicio poderá servir de repaso e as posibles dúbidas ou erros que xurdan seranlle útiles a vostede para revisar os conceptos gramaticais referentes a estes tempos. Durante a actividade, aproveite tamén para remitilos á epígrafe "Narrar acontecementos pasados", da sección de gramática, na páxina 77, na que se contrastan os usos do pretérito e do copretérito.

A continuación, suxerímoslle que os remita, na mesma sección, á epígrafe "Referencias e relacións temporais no pasado", cuxo contido os axudará a desenvolver a actividade proposta en B.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles que Vermundo é unha páxina web imaxinaria que conta cun foro no que os usuarios poden narrar as experiencias que viviron nas súas viaxes.

Pídalles que lean primeiro as nove preguntas do cuestionario que figura na parte inferior e que pasen logo aos textos para atopar as respectivas respostas. Antes de facer unha posta en común, deixe que comparen as súas opcións coas dun compañeiro.

Solución

1. Bieito; 2. Xián; 3. Manuel; 4. Bieito; 5. Lola e Maite; 6. Xián; 7. Montse; 8. Montse; 9. Xián.

B. Pregúntelles se xa estiveron nalgún dos lugares mencionados nos textos: **Roma, Zanzíbar, Estocolmo, Marrocos e Nova York**. Despois, pídalles que pensen nalgunha experiencia, positiva ou negativa, que lles ocorreu nalgunha desas viaxes (ou noutras) e que preparen durante uns minutos un breve texto no que contén a anécdota. Anídeos a que procuren no dicionario as palabras que poidan necesitar e a que reflexionen sobre os tempos verbais que van utilizar.

A continuación, pídalles que lle contén esas experiencias a todo o grupo. Fíxese nos posibles erros que cometan nos usos dos tempos do pasado e anóteos. Logo, faga unha corrección e aclare os aspectos que aínda non estean ben afianzados

E DESPOIS

Pregúntelles aos seus alumnos que información sobre o seu lugar de destino consideran que é esencial recoller antes de saír de viaxe. É probable que mencionen conceptos como: **os transportes,**

as infraestruturas turísticas (hoteis, restaurantes, servizos de información...), a moeda, a lingua, a seguranza, a situación política do país etc. Anímeos a que opinen e xustifiquen brevemente todos os aspectos que mencionen.

Deseguida, coméntelles que van ler un texto con recomendacións para planificar unha viaxe a un país de América Latina: Ecuador. Fotocópíeo da **ficha 31**, así como as preguntas que o acompañan, e ofrézallo aos estudantes.

Solución

1. *Multiétnico; gran variedade de paisaxes; restos de culturas prehispánicas; artesanía; illas Galápagos.*
2. *Á chegada, pouco exhaustivos; á saída, adoitan realizar un rexistro a fondo da equipaxe.*
3. *Colombia e Perú.*
4. *Estar atento aos carteiristas e non lucir xoias nin deixar ver que levamos moitos cartos.*
5. *Dólares estadounidenses en billetes pequenos.*

Se lle parece conveniente, escriba no encerado **fronteiras/aduanas, transporte e diñeiro**, de xeito que queden tres columnas, e pídalles aos estudantes que busquen no texto o vocabulario relacionado e que o escriban na columna correspondente.

Solución

Fronteiras e aduanas

Pasaporte en regra; controis; autoridades aduaneiras; rexistro de equipaxe; regulación sobre o patrimonio histórico, artístico ou natural; servizo de aduanas; horario de fronteiras; selar a entrada no país; trámites; carta de turista.

Transportes

Compañías aéreas; voos directos; facer escala.

Cartos e seguridade

Inseguridade; delincuencia; carteiristas; vítima dun delito; xoias; Fiscalía Especial de Turismo; sucre; dólar estadounidense; cambio de diñeiro; billetes pequenos; tarxeta de crédito; caixeiro automático.

Para rematar, pode pedirllas aos seus alumnos que escriban na casa un texto similar con este tipo de consellos prácticos, dirixido aos turistas que queiran visitar o seu país ou a súa localidade. Se son da mesma procedencia, suxíralles que o fagan en grupos, pero, nese caso, sería máis interesante que o fixesen naclase.



3. EQUIPAXE EXTRAVIADA

Escoitar e entender unha anécdota. Observar, clasificar e reflexionar sobre recursos empregados no relato de anécdotas.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos estudantes que lean as dúas frases que se presentan e asegúrese de que as entendan ben. A seguir, dígalles que van escoitar unha rapaza que lle conta a outra unha anécdota relacionada cunha viaxe e que, logo, terán que marcar cal das dúas frases a resume.

Solución

Nunha viaxe a Xapón, perdéronlle a maleta e durante uns días tivo que poñer a roupa das súas amigas.

B. Pídalles agora que lean a transcripción da audición e que se fixen nas reaccións ou intervencións da persoa que escoita a anécdota (destacadas en vermello no texto). Poña outra vez a gravación e déalles uns minutos para que as relacionen coas explicacións que aparecen nos cadros vermellos da esquerda. Logo, propóñalles unha corrección entre todos.

Solución

Fai preguntas e pide máis información
E que fixeches?

Reacciona expresando sentimentos: sorpresa, alegría...

Ai, si? Que rabia, non?

Vaia leria!

Que me dis?

Pois menos mal...

Repite palabras da outra persoa

A Cuba?

Tres días?

Dá a razón ou mostra acordo

Xa, claro. Iso ou andar espida.

Remata as frases da outra persoa

... ías todo o día disfrazada, non?

Sería interesante que os estudantes se fixasen na entoación das reaccións, polo que lle recomendamos que volva poñer a audición e que centre a atención deles neste aspecto.

C. Dígalles que deben ler novamente a anécdota, pero desta vez fixándose nos elementos que aparecen subliñados. Logo, indíquelles que os distribúan nas columnas do cadro, segundo a función que

O turista accidental

desempeñen no relato. Cando rematen, anímeos a que comparen as súas respostas en parellas. Deseguida, copie no encerado a táboa que acompaña o exercicio e, a medida que o corrixan, escriba as respostas nas columnas correspondentes (recomendámoslle que non o borre, xa que lle será útil tamén para a realización do ítem D).

Solución

Comezar
unha vez

Rematar
ao final

Manter a atención ou a quenda de palabra
e ben
ben, pois...
sabes?

Falar de causas e consecuencias
de xeito que
así que
como

D. Pídalles agora que amplíen a lista das catro columnas con outros recursos que sirvan para conectar/falar de causas e consecuencias, comezar, rematar e reaccionar/manter a atención nun relato. Algunhas das expresións poden ser:

Comezar
resulta que; o outro día; hai uns meses; unha noite; un día; onte; a min, unha vez; eu unha vez...

Rematar
ao final; total que; e entón...

Manter a atención ou a quenda de palabra/reaccionar
e ben; pois...; sabes?; e sabes que?; non!; vaia!...

Falar de causas e consecuencias/conectar
de xeito que; de modo que; así que; como; por iso; porque...

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 108, exercicio 2.

4. ANTES OU DESPOIS

Observar e reflexionar sobre a diferenza entre o emprego do pretérito e o do antepretérito.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que lean as tres preguntas do cadro destacadas en lila (**1**, **2** e **3**) e que, a continuación, marquen individualmente cal das informacións (**A** ou **B**) responde afirmativamente a pregunta e cal non. Déalles uns minutos e propónalles logo unha posta en común.

Solución

1. A. **SI B. NON**; 2. A. **SI B. NON**; 3. A. **SI B. NON**

B. Indíquelles agora que reparen de novo nas frases do ítem A, concretamente nos dous tempos verbais destacados en grosa. Logo, pregúntelles: **Entendedes cando se emprega cada un?** Escoite as súas respostas e acepte as que se refiran á anterioridade dunha acción respecto doutra, no caso do antepretérito; e as que se refiran a unha acción feita e rematada, no caso do pretérito.

Déalles un par de exemplos máis de construcións co antepretérito e asegúrese de que todos entendan o seu emprego, xa que é o novo tempo verbal que se presenta. A continuación, pídalles que marquen cal é o tempo verbal adecuado en cada unha das frases propostas.

Solución

1. *vira*; 2. *fomos*

C. Reitere que empregamos o antepretérito cando queremos indicar que unha acción se realizou nun momento anterior a outra acción tamén mencionada. Así, este tempo verbal permítelle ao falante referirse a unha acción a modo de *flashback*.

Se os seus alumnos son galegos, é probable que xa saiban como se forma este tempo. Pero se non o saben, ou se traballa con alumnado doutra procedencia, fágalles ver que nas tres conxugacións (**-ar**, **-er**, e **-ir**) dos verbos regulares e irregulares as formas do antepretérito sempre presentan as terminacións **-ra**, **-ras**, **-ra**, **-ramos**, **-rades** e **-ran**, para as respectivas persoas verbais.

Remítaos á sección de gramática, na páxina 77, e convídeos a leren na epígrafe “Narrar acontecementos pasados” a información referente ao antepretérito. Logo, pídalles que se fixen nos verbos regulares e irregulares conxugados e propónalles facer unha sistematización sobre a formación deste tempo verbal. Se non se atreven ou non son quen de facelo, axúdeos, dicíndolles que, no caso dos verbos regulares, o antepretérito fórmase engadíndolle ao infinitivo **-a** e mais a desinencia para cada persoa verbal (*estudara*, *comeras*, *escribira*, *cantaramos*, *lerades*, *viviran*...). En canto ás formas irregulares, explíquelles que se obtéñen do seguinte xeito: cóllese a base irregular da terceira persoa do plural do pretérito (*estiveron*, *foron*, *tiveron*, *fixeron*, *viron*...) e engádenselles as mesmas terminacións que para os verbos regulares (*estivera*, *foras*, *tiveramos*, *forades*, *viran*...)

Finalmente, pídalles que completen o cadro coas formas que faltan do antepretérito e coméntelles que se trata das formas irregulares dos verbos **ver** e **ir/ser**. Cando rematen, promova unha corrección entre todos.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 109, exercicios 3 e 5.

Páxina 110, exercicio 7.



5. METER BAZA

Converter un monólogo nun diálogo.

ANTES DE COMEZAR

Lea en voz alta o título da actividade e pregúntelles aos seus alumnos se saben o que quere dicir esa expresión. No caso de que non o saiban, aclare que o seu significado equivale a “intervir nunha conversa ou nun debate”.

PROCEDEMENTOS

A. Preséntelles a Anabel Portas, a rapaza da imaxe, e dígalles que van ler o relato de algo que lle ocorreu onte. Coméntelles que Anabel fala sen parar, sen deixar que interveñan as persoas coas que, en teoría, conversa.

Pode ser un bo momento para comentarles que en galego, a diferenza do que ocorre noutras linguas, ante un relato e nunha situación de conversa, o oínte, como mostra de educación, debe ir participando verbalmente (mostrando interese, valorando o relatado, animando a outra persoa a que siga etc.).

A seguir, pídalles que, individualmente, usen as expresións do cadro amarelo para converter o monólogo de Anabel nunha conversa na que o interlocutor coopera.

Transcorridos uns minutos, permítalles que comparen as súas respostas en parellas antes de realizaren unha posta en común.

Solución (suxestión)

A. *Sabes que?*

B. **Que?**

A. *Resulta que onte non durmín na casa.*

B. **Ai si? Por que?**

A. *Pois nada..., deixei as chaves dentro.*

B. **Non!/Non me digas!**

A. *E non me decatei ata que cheguei á casa, tardísimo. Sabes cando comezas a buscar e non o atopas e asústaste?*

B. **Xa. E que pasou logo?/E que fixeches?**

A. *Pois iso. Eu vivo cun amigo, sabes?*

B. **Xa.**

A. *Entón comecei a chamar ao timbre e o meu amigo, nada, que non me escoitaba. E así estiven unha hora, e nada...*

B. **Que mala sorte, non? E logo como terminou?**

A. *Ao final, chamei por teléfono a unha amiga que vive cerca e durmín alí.*

B. **Menos mal!**

A. *Si, menos mal porque xa non sabía que facer.*

A continuación, pregúntelles aos estudantes se coñecen outras expresións similares e remítaos logo á epígrafe “Recursos para contar anécdotas”, na páxina 77, onde se recollen e amplían algúns recursos para cooperar nunha conversa.

Por último, pídalles que practiquen o diálogo en parellas. Pasee pola clase e préstelle especial atención á entoación das expresións que acaban de estudar.

B. Pregúntelles agora aos seus alumnos se algunha vez lles ocorreu algo parecido ao que lle pasou a Anabel. Dígalles que deberán recordalo para contalo na clase e déalles uns minutos para que se preparen.

A seguir, forme grupos de tres e pídale a cada un que lles conte a historia aos demais compañeiros. Anímeos a utilizaren os recursos para intervir nunha conversa e achéguese aos diferentes grupos para comprobar que os empregan adecuadamente.

Se a algún dos estudantes non lle ocorreu ningunha anécdota que queira contar, suxíralle que conte algo que lle ocorrese a outra persoa (un amigo ou familiar, por exemplo) ou que, en última instancia, invente unha.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 110, exercicio 6.

6. CONTA, CONTA...

Pescudar, a partir dun cuestionario, que cousas curiosas ou anecdóticas lles pasaron aos compañeiros da clase.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes se saben cando dicimos **conta, conta**. Escoite as súas respostas e, se for necesario, aclare que normalmente empregamos esta expresión cando alguén anuncia que nos vai contar algo (unha anécdota, unha rexouba...) e temos moito interese en escoitalo.

PROCEDEMENTOS

Logo de asegurarse de que os seus alumnos entenden perfectamente as frases que se presentan no cuestionario (1 a 9), dígalles que van falar cun compañeiro para pescudar cal das experiencias propostas viviu. A continuación, pídalles que formen parellas e anímeos a que fagan as preguntas necesarias, coma no modelo de lingua que se ofrece.

Finalmente, pídalles aos estudantes que lle conten ao resto do grupo unha anécdota ou algunha cousa curiosa das que pescudou do seu compañeiro.

7. POIS A MIN, UNHA VEZ...

Contar unha anécdota.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Pode seguir a dinámica máis sinxela proposta no libro do alumno ou ben poñer en práctica a que lle propomos a continuación.

O turista accidental

PROCEDEMENTOS

Distribúa os seus alumnos en grupos de tres e déalle a cada grupo tres papeis numerados (1, 2 e 3). Pídalles que escollan un e, deseguida, dígalles que todos os alumnos que teñan o número 1 deben formar un novo grupo. Déalles a mesma indicación aos que teñen os números 2 e 3.

Explíquelles que cada número corresponde a unha das anécdotas da actividade 7 da páxina 78 e dígalles que cada grupo deberá desenvolver a que lle corresponda por escrito. Indíquelles que teñen que poñer os verbos en grosa no tempo verbal máis axeitado e que deben empregar os conectores que se ofrecen nos recadriños marróns. Pasados uns minutos, acérquese a cada grupo para supervisar o seu traballo.

Dígalles agora aos estudantes que volvan aos grupos iniciais e pídalles que lles conten a súa anécdota aos compañeiros. Estes deberán reaccionar usando as expresións que se practicaron nos exercicios anteriores. Anímeos a contaren a historia a partir das pautas do libro, no canto de ler os textos que escribiron.

Mentres desenvolvan esta segunda parte da tarefa, pasee pola clase para comprobar se empregan adecuadamente as expresións e estruturas estudadas ata este momento e tamén para axudalos cos posibles problemas de entoación.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 110, exercicios 8 e 9.

8. A VIAXE DE PETRUNIA

Completar frases dun relato utilizando o antepretérito.

PROCEDEMENTOS

A. Cóntelles a historia imaxinaria de Petrunia Taylors, unha inglesa que, no ano 1750, sobreviviu a un naufragio preto das costas das tamén imaxinarias Illas Blableblí. En 1970, vinte anos máis tarde, foi rescatada e volveu a Londres, a súa cidade natal.

Dígalles que van ter que completar unhas frases nas que se conta o que Petrunia fixo ao volver a Londres e coméntelles que os debuxos lles poderán dar máis información. Pódeno facer individualmente, pero permítalles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro antes da posta en común.

Solución (Suxestión)

- Como **viaxara** moito polas illas e as coñecía moi ben, publicou o primeiro mapa das Illas Blableblí.
- Chegou a Londres cunha gran fortuna porque na illa **atopara** unha chea de diamantes.
- Como lles **ensinara** aos nativos a falar inglés, publicou o primeiro curso de inglés para blableblís.
- Converteuse na primeira profesora de blableblí en Gran Bretaña porque na illa **aprendera** a falalo.

- Organizou un partido político de mulleres sufragistas porque nas illas **defendera** os dereitos das mulleres blableblís.

9. VACACIÓNS INFERNAS

Escribir un texto sobre unha experiencia negativa relacionada cunhas vacacións.

ANTES DE COMEZAR

Móstrelles aos estudantes o programa da viaxe organizada que figura na páxina 79 e dígalles que se trata dunha excursión a Xustinópolis, un lugar imaxinario. Centre a súa atención nas imaxes de fondo (o camelo, o aeroporto e a praia) e pregúntelles como cren que pode ser ese lugar, que tipo de clima pode ter e que se poderá facer alí.

PROCEDEMENTOS

Pídalles que formen parellas, que lean a programación da viaxe e que imaxinen que fixeron xuntos esa excursión, pero que foi un desastre. Anímeos a escribiren un texto contando todo o que saíu mal e de que xeito. Logo, indíquelles que a mostra de lingua proporcionada lles pode servir como o principio da historia. Ademais, se lle parece conveniente, remítaos de novo aos textos da actividade 2, na páxina 75, xa que tamén os poderán utilizar como modelo.

Pasee pola clase para ofrecerlles axuda, se ve que a necesitan. Cando rematen, pídale a cada parella que lles lea o seu texto aos demais compañeiros, para que, ao final, poidan decidir quen tivo as peores vacacións.

Se dispón de tempo para facer unha corrección máis pormenorizada da produción escrita dos seus alumnos, recolla os seus textos e devólvallelos corrixidos na clase seguinte, cando poderá aproveitar para facer un repaso sobre os temas de léxico e de gramática nos que vostede considera que deben mellorar.



10. ESCULTURAS QUE VIAXAN

Ler un texto sobre Paco Leiro e a súa obra. Opinar sobre o que expresan algunhas esculturas.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado o verbo **viaxar** e pregúntelles aos seus alumnos: **Con que podemos empregar este verbo? Quen ou que cousas viaxan?** Anímeos a que

contesten e faga no encerado unha listaxe coas súas respostas. Se ao final non figuran as obras de arte, menciónneas vostede e pídalles logo algúns exemplos. É probable que recorden primeiramente os traballos artísticos audiovisuais (cinema, teatro, danza, música...) ou a arte pictórica (cadros, murais, óleos...). De non mencionaren a escultura, fágao vostede e convídeos logo a que abran o libro na páxina 80.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles que Francisco Leiro é un famoso artista plástico galego e explíquelles que o título da actividade fai referencia á dimensión universal das súas obras. As súas esculturas non están sempre encerradas en museos, senón que tamén ocupan espazos públicos en diversos lugares, aos que lles outorgan un carácter dinámico.

Logo, pídalles que lean o texto individualmente, para que descubran un pouco máis sobre a súa vida e a súa obra.

A continuación, propóñalles unha posta en común na que todos poidan dicir que lles pareceu toda a información ou que dato lles chamou máis a atención. Pode aproveitar este momento para preguntarlles se lles gustan as esculturas ou as obras de arte en xeral e se, cando viaxan, adoitan incluír as visitas aos museos na súa programación.

B. Pídalles agora aos estudantes que se fixen nas obras de Paco Leiro que ilustran a páxina e pregúntelles que lles parecen e que cren que poden expresar. Logo, pregúntelles se coñecen algunha escultura semellante e escoite atentamente a información que queiran compartir. Se algún estudante non é quen de falar sobre esculturas, propóñalle que o faga sobre calquera outro tipo de obra de arte.

A continuación, pídalles que o sigan comentando en parellas, a partir das seguintes preguntas: **Onde viches a escultura/obra de arte? Parécese ás do artista cambadés? En que? Que impresión che causou? Que cres que tentaba expresar?**

Concédalles o tempo necesario e, para rematar, propóñalles que compartan as súas impresións cos demais compañeiros nunha posta en común.

E DESPOIS

Se os seus alumnos mostraron interese polo tema das esculturas e sobre todo polo traballo de Francisco Leiro, busque máis información sobre as exposicións deste artista ou máis ilustracións das súas obras e léveas á seguinte clase.

Así mesmo, informamos que se atopan en Internet varios vídeos con exposicións virtuais de obras de Paco Leiro. Se dispón deste recurso no centro onde imparte as clases de galego, recomendámoslle que procure polo menos un deles e que llelo mostre aos estudantes.

